

“Unha experiencia relixiosa ao alcance de todos : a proposta de Martiño Lutero”,
Benito Méndez Fernández.
Grial: revista galega de cultura
Año 2018, Vol. 56, Número 218 (**escolma**)

“Non podemos pretender, porque sería un completo anacronismo, reivindicar para o noso tempo tódolos elementos que formaban parte do seu mundo, un mundo cheo de contradicións, como sucede en calquera época. Os medos posiblemente eran distintos ós de hoxe, incluso exóticos para nos, pero, ó fin, eran medos: ós turcos, ó inferno, á Igrexa como institución, ó fin do mundo, ó demo, etc.¹. Hoxe coñecemos moito mellor que no pasado todo ese ambiente, e, por iso, tamén podemos xulgar con máis obxectividade o que pasou. Dende a filosofía, a espiritualidade, os condicionamentos sociais, políticos e económicos, a situación da Igrexa católica... todo iso foi estudado xa de forma moi exhaustiva e permite un achegamento completamente diferente ó do pasado, o cal estaba cheo de prexuízos. Non nos vamos a centrar en iso, pois todas as circunstancias, incluída a situación abertamente corrupta da Igrexa do tempo, non explica de xeito suficiente o que pasou, a escisión da Cristiandade Occidental. Explica, iso si, a Reforma en sentido lato, pero non as súas causas profundas. Estas non se poden entender sen a experiencia propia de Lutero, que daría lugar ás consecuencias que todos coñecemos²...

Como recordaba Benedicto XVI en Erfurt (23.09.2011) e logo tamén o papa Francisco en Lund (31.10.2016), Lutero tiña unha obsesión persoal, que el levaba ó extremo: a de levar unha vida cristiá auténtica, lonxe do que el consideraba terxiversación escolástica. A súa orixinalidade estaría nesta actitude de experimentar en si mesmo o ser criatura, por medio dunha entrega fiducial absoluta, fronte a unha perfección que so se pode atopar en Deus. Os recentes estudos sobre a súa figura e obra cada vez mais o enraízan na tradición mística medieval, se é que podemos falar así, pois nese tempo ninguén falaba de mística como tal termo, aínda que o contido podía ser equivalente, xa que se trataba da conciencia da inmediatez da presenza de Deus³. Neste sentido Lutero é debedor dunha gran tradición, en primeiro lugar a do monacato, pois non debemos esquecer que Lutero era un monxe. O papa Francisco resumía a súa inquedaanza con estas verbas:

“A experiencia espiritual de Martiño Lutero interpélanos e nos recorda que non podemos facer nada sen Deus. «¿Cómo podo ter un Deus misericordioso?». Esta é a pregunta que perseguía constantemente a Lutero. En efecto, a cuestión da xusta relación con Deus é a cuestión decisiva

¹ Un exemplo paradigmático podemos atopalo no himno máis famoso composto por Lutero: “Castelo forte é o noso Deus” (*Ein feste Burg ist unser Gott*)

² E. Iserloh, “Martín Lutero y el comienzo de la Reforma (1517-1525)”, en: H. Jedin, *Manual de Historia de la Iglesia, V, Reforma, Reforma católica y Contrarreforma*, Barcelona 1972, 58.

³ Cf. B. McGinn, *Die Mystik im Abendland. Band 6/1: Verzweigung. Protestantische Mystik 1500-1650*, Freiburg 2017; R. García Mateo, s.i., “Lutero y la espiritualidad. Dimensión interconfesional de la experiencia religiosa”, *Gregorianum* 98 (2017) 503-524; P. Zimmerling, “Gott ist ein glühender Backofen voller Liebe”, *Herder Korrespondenz* 10 (2017) 43-46; W. Kasper, *Martin Luther...*, 64.

da vida. Como se sabe, Lutero atopou a ese Deus misericordioso na Boa Nova de Xesús Cristo encarnado, morto e resucitado. Co concepto de « so pola graza divina», se nos recorda que Deus ten sempre a iniciativa e que precede calquera resposta humana, ó mesmo tempo que busca suscitar esa resposta. A doutrina da xustificación, por tanto, expresa a esencia da existencia humana diante de Deus”⁴...

A experiencia da torre

Chámase así porque sucedería na torre do convento de Wittenberg, que lle servía de lugar de traballo. Lutero comeza a falar dela con certa frecuencia como mínimo a partires do ano 1532, un tempo no cal el xa vía imposible a reconciliación coa Igrexa romana, e por iso, seguramente buscaba no seu interior as razóns profundas da incompatibilidade, é dicir, aquelas razóns que van máis alá das críticas a determinadas prácticas abusivas, como eran as da venda de indulxencias para os vivos e os defuntos. Trátase, pois, dunha experiencia íntima que lle levaría a entender o Evanxeo e a mensaxe bíblica en xeral dunha maneira completamente nova, lonxe por tanto da angustia infernal que lle provocaba ata entón. Esa angustia estaba concentrada nas verbas ‘xusto’ e ‘xustiza’. Cando as ouvía, sentía como se un raio cruzara o seu corpo para enchelo de horror, pois se Deus é xusto, ten que castigar, pensaba. Pero un día tivo esta revelación: meditando nas verbas “o xusto vive da fe” (Romanos 1,17), e sobre a “xustiza de Deus”, pensou: se temos que vivir como xustos da fe e se a xustiza de Deus ha de ser salvación de todo o que cree, entón ela non será merecemento noso, se non misericordia de Deus. El dirá que a partires dese momento o seu espírito quedou levantado, pois a xustiza de Deus consiste en que somos xustificamos e redimidos por Cristo. Dende entón a Sagrada Escritura sería a fonte constante de alegría e misericordia para todos, pois nela aparece como chave de todo a fe en Cristo, o único mediador da salvación, e a xustiza de Deus como unha acción ‘pasiva’, na que El nos acepta, nos ama tal como somos, sen pedirnos nada a cambio, sen depender dos nosos méritos. O único que quere é que aceptemos o seu amor e vivamos en coherencia con el:

“Un desexo certamente marabilloso se tiña apoderado de min de entender a San Paulo na carta ós romanos. Non é que antes diso non o tivera tomado en serio, pero había una soa palabra no capítulo primeiro: ‘ a xustiza de Deus revelase no evanxeo’. E, en efecto, tíñase apoderado de min un odio contra esa palabra ‘xustiza de Deus’: pois segundo uso e costume dos teólogos, ensinouseme a entendela filosoficamente como a xustiza formal ou activa, segundo a que Deus é xusto e castiga ós pecadores e inxustos...Aínda que como monxe levaba unha vida impecable, sentíame ante Deus como pecador e coa conciencia inquada, e non podía confiar en ter propicio a Deus pola miña satisfacción. Por iso eu non amaba ó Deus xusto, que castiga ós pecadores, antes ben aborrecíao. ...Así enfurecíame con conciencia rabiosa e trastornada, e non tiña parada en pensar en aquel pasaxe de Paulo, levado do ardente desexo de saber o que quería dicir....Hasta que tras largas meditacións de día e de noite, Deus apiadouse de min e caín na conta do nexo interno dos dous pasaxes: ‘a xustiza de Deus revélase no Evanxeo’, como está escrito: ‘o xusto vive da fe’. Entón comecei a entender a xustiza de Deus como a xustiza pola que o xusto vive grazas ó don de Deus, e vive pola fe; a xustiza de Deus que se revela polo Evanxeo ha de entenderse en sentido pasivo e que Deus nos xustifica, na súa misericordia, pola fe, como está escrito: ‘o xusto vive pola fe’. Aquí sentínme francamente como se houbera volto a nacer e houbera entrado polas portas abertas do paraíso. Inmediatamente, a Sagrada Escritura enteira amosoume outra faciana. Entón repasei a Sagrada Escritura, tal como a tiña na miña

⁴ <https://w2.vatican.va/content/francesco/es/homilies/2016> (2.10.2017).

memoria, e atopei en outras expresións o sentido congruente; así ‘a obra de Deus’ é aquilo que Deus obra en nos; ‘a forza de Deus’ é aquilo que nos fortalece; ‘a sabedoría de Deus’ é aquilo que nos fai sabios... Tanto grande tiña sido antes o odio que me inspiraba a palabra: ‘xustiza de Deus’, tan grande era agora o amor con que a exaltaba como a palabra máis doce. Así que este pasaxe de Paulo veu a ser verdadeiramente para min unha porta do paraíso. Despois lin a obra de Agostiño *De spiritu et littera*, na que atopei en contra da miña esperanza que tamén el entende deste xeito a xustiza de Deus como a xustiza coa que Deus nos reviste para xustificarnos...agradoume que aquí ensínase a xustiza de Deus como a xustiza pola que somos xustificados...”⁵.

Benito Méndez Fernández
Delegado Diocesano de Ecumenismo

⁵ *Luthers Werke*, Weimarer Ausgabe 1883-1929, vol 54, 185ss.